



IV SLALOM VILA DE AS PONTES

IVÁN PICALLO ACADA O SEU SEGUNDO TRIUNFO DA TEMPADA EN AS PONTES

O Campionato Galego de Slalom celebrou a súa terceira proba puntuable este sábado en As Pontes, con triunfo para Iván Picallo.

A única cita do autonómico que se realiza dentro dun circuito contou con case 60 participantes na liña de saída, o que confirma o bo estado de saúde da especialidade.

Picallo foi o mellor logo da celebración das dúas mangas oficiais, no que é o seu segundo triunfo da tempada. O do Citroën superou ao que é actualmente o seu máximo rival Manuel Trevín, reeditando as loitas xa vistas en Monterroso e Guitiriz.

O terceiro posto do podio foi para Francisco Pico, aos mandos do Citroën Ax.

Dentro da categoría de debutantes, victoria para Antonio Óscar Martínez co Porsche e na de iniciación, primeira plaza para Rubén Gandoy.

Ademáis, o primeiro posto entre as participantes da categoría feminina foi para Mariquiña Chao, co Citroën Saxo.